

PASOS A SEGUIR: SOLICITUDE ADMISIÓN

Prazo de solicitude: do 1 de marzo ao 20 de marzo

[NORMATIVA E MANUAL PARA AS FAMILIAS](#)

1. Presentar a solicitude de admisión debidamente cumprimentada, firmada polos dous proxenitores. A solicitude poderán pedila na secretaría do centro ou descargala da web.

⇒ [¡Probao!](#)

Pódese:

1.1 Cubrir a solicitude informáticamente e presentala asinada de xeito manual no centro: Para presentar a solicitude presencialmente no centro deberá seleccionar a opción de menú “Solicitudes --> Reserva/Admisión --> Crear”. Deseguido aparecerá unha pantalla na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, deberá premer no botón “Crear e Confirmar”. Feito isto poderá descargala para asinar e presentar no centro.

1.2 Cubrir a solicitude informáticamente e asinala en Sede Electrónica: Para presentar a solicitude a través da Sede Electrónica deberá acceder a admisionalumnado con usuario de Chave365 ou con certificado dixital, para iso deberá premer na icona verde que se atopa arriba á dereita. Posteriormente deberá seleccionar a opción de menú “Solicitudes >Reserva/Admisión --> Crear”. Deseguido aparecerá unha pantalla na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, deberá premer no botón “Confirmar solicitude” e posteriormente premendo no botón "Firmar e presentar en Sede Electrónica", poderá asinar a solicitude dixitalmente, quedando como presentada no centro, sempre que o proceso de sinatura remate correctamente. Debe achegar escaneada toda a documentación pertinente á hora de presentar a solicitude.

1.3 Cubrir a solicitude manualmente e presentala asinada presencialmente no centro.

IMPORTANTE: Debe achegar, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, o anexo dixitalizado (COMPROBACIÓN DE DATOS DOS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR, última páxina da solicitude que pode visualizar e descargar nesta aplicación).

2. Nesta solicitude poderán cubrir ata 6 centros por orde de preferencia.

3. Xunto coa solicitude teñen que entregar: fotocopia do DNI ou outro documento que acredite a idade do alumno/a e o libro de familia (orixinal e copia, ou copia compulsada).